

## **BECAS MECD PARA ESTUDOS POSTOBRIGATORIOS**

### **¿En que consiste a beca MEC?**

- Axudas económicas que ofrece o goberno de España ós alumnos que realizan estudos postobrigatorios sexan ou non universitarios.
- Calquera estudante a pode pedir, de calquera idade, estea traballando ou non.
- O único que hai que cumprir son uns requisitos académicos (é dicir, aprobar un tanto por centro de créditos ou materias no curso anterior), e económicos (non gañar máis diñeiro que o estipulado nos umbrais que establece o MECD).

### **¿Para que estudos se poden pedir?**

- 1º e 2º de Bacharelato.
- Formación Profesional de Grao Medio e Superior.
- Formación Profesional Básica.
- Ensinanzas de Réxime Especial.
- Estudos universitarios de grao e máster.
- NON SE CONCEDE PARA: estudos de terceiro ciclo ou doutoramento, estudos de especialización, títulos propios da universidade.

### **¿Cal é o importante da beca?**

- Cada alumno pode optar a 6 conceptos de becas:

1ª Beca de renda (1600 euros para aqueles alumnos que non pasen do umbral 1 de renda)

2º Beca de residencia (1500 euros aqueles que non pasen do umbral 2 e ademais vivan fora de casa por motivos académicos)

3º Beca de matrícula (para universitarios, onde evitas ter que pagar a matrícula)

4º Beca de insularidade (non é o voso caso)

5º Beca básica (200 euros para alumnado non universitario que non opte a beca de renda por debaixo do umbral 3)

6º Beca excelencia (entre 50 e 125 euros a partir dunha media de 8 puntos)

<b>Nota media do estudante</b>	<b>Cantidade en euros</b>
Entre 8 e 8,49 puntos	50
Entre 8,50 e 8,99 puntos	75
Entre 9 e 9,49 puntos	100
9,50 puntos ou máis	150

7º Beca variable (mínimo 60 euros e máximo de 1500 euros para non universitarios e 2600 euros para universitarios (con un 10 de media e un 0 de renda).

### - Requisitos económicos

1. Umbrais de renda que non hai que superar
2. Patrimonio familiar: suma dos rendementos netos do capital mobiliario non debe superar os 1700 euros.
3. Volume de negocio: en caso de ter unha empresa, ser autónomo ou participar nalgũa entidade non superar 1555.500.000 euros facturados
4. Segundo vivendas: en caso de ter segundas vivendas ou fincas rústicas ou urbanas non se debe superar un valor determinado que se obtén despois de multiplicar o seu valor catastral por un coeficiente.

### - Umbrais de renda

Número de membros	Umbral 1	Umbral 2	Umbral 3
1	3.771.000 euros	13.236.00 euros	14.112.00 euros
2	7.278.000 euros	22.594.00 euros	24.089.00 euros
3	10.606.00 euros	30.668.00 euros	32.697.00 euros
4	13.909.00 euros	36.421.00 euros	38. 831.00 euros
5	17.206.00 euros	40.708.00 euros	43.402.00 euros
6	20.403.00 euros	43.945.00 euros	46.853.00 euros
7	23.580.00 euros	47.146.00 euros	50.267.00 euros
8	26.660.00 euros	50.333.00 euros	52.665.00 euros
Por membro adicional	Sumar 3.079.00	Sumar 3.181.00	Sumar 3.391.00



Parte da beca a que se opta

- Beca renda 1500 euros - Residencia 1500 euros - Parte Variable 60-2600 euros - Exención matrícula (universitarios)	- Residencia 1500 euros - Parte Variable 60-1700 euros - Exención matrícula (universitarios)	- Exención matrícula
---	--	----------------------

## **- Requisitos académicos**

### **Bacharelato**

- 1º curso: 5,5 nota media en 4º ESO
- 2º curso: podes suspender só 1 materia

### **Formación Profesional**

- FP Medio

- 1º de FP Medio: 5 de media curso anterior
- 2º de FP Medio: Podes suspender só 1 materia

- FP Superior

- 1º de FP Superior: 5,5, de media curso anterior
- 2º de FP Superior: Podes suspender só 1 materia

### **¿Cando se solicita? \*\*fechas suxeitas a variacións**

- Universitarios: dende o 17 de agosto ata o 15 de outubro.
  - Non universitarios: dende o 17 de agosto ata o 1 de outubro.
- Se presenta totalmente por internet, non se fai nada fisicamente.

### **¿Como se solicita?**

- As solicitudes preséntanse mediante formulario on-line a través da páxina web do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- Non hai que aportar documentación pois as unidades encargadas da tramitación consultarán e obterán da administración correspondente todos os datos necesarios para verificar que se reúnen os requisitos xerais, académicos e económicos.
- Só en determinados supostos moi específicos deberase aportar documentación concreta que se especificará no formulario.

### **¿En que supostos se pode perder a beca?**

Cando non se destina a beca á finalidade para a que foi concedida:

- Anulación de matrícula
- Causar baixa no centro
- Non asistir máis do 80% das horas lectivas, salvo dispensa de escolarización.
- Non superar o 50% das materias, créditos ou horas matriculadas.